

# CRITERIOS CALIFICACIÓN GALICIA 2021

## Primeira proba

Terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos do persoal aspirante e constará de dúas probas que serán valoradas conxuntamente.

### **Parte A: Proba práctica**

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

1. Resolución correcta e completa do exercicio proposto, dun xeito claro que explique o proceso de achado da solución final.
2. Desenvolvemento claro, coherente e correcto, aínda que incompleto, do exercicio.
3. Na identificación macroscópica ou microscópica de seres vivos indicada no anexo VI da orde de convocatoria das probas, valorarase a determinación específica, non considerando os nomes vulgares; igualmente, nos casos de recoñecemento de procesos naturais, biolóxicos ou xeolóxicos, a máxima valoración obterase polo termo científico mais concreto.

### **Parte B: Tema escrito**

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

#### **Contido do tema:**

1. Conformidade cos obxectivos do tema.
2. Amplitude e profundidade dos contidos.
3. Completitude (que estean presentes todas as partes relevantes nas que se subdivide o tema).
4. Equilibrio entre as distintas partes.
5. Realización de debuxos e/ou esquemas aclaratorios relacionados co tema.
6. Relación con outros contidos do temario e/ou ensinanzas de aprendizaxe.

7. Actualidade dos contidos, sobre todo naquelas áreas que experimentaron unha renovación importante nos últimos anos.

Aspectos procedementais ou de estilo:

1. Desenvolvemento e exposición das ideas seguindo un guión lóxico e coherente.
2. Ordenación e estruturación dos contidos expostos.
3. Claridade na exposición do tema.
4. Emprego de terminoloxía científica axeitada, evitando vaguedades e termos non propios da especialidade ou de pouco rigor científico.
5. Uso de referencias bibliográficas ou de autores científicos.

### **Segunda proba (exposición oral)**

Terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do persoal aspirante e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. A avaliación das dúas exposicións de que se compón esta segunda parte realizarase seguindo as rúbricas que figuran nos Anexos da Orde de convocatoria.

### **Parte A: Presentación e defensa dunha programación didáctica**

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes aspectos:

- A. Contextualización da programación / Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- B. Coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.
- C. Procedementos, criterios e instrumentos de avaliación.
- D. Metodoloxía, actividades, recursos e temporalización.
- E. Medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE e NEE.
- F. Outras epígrafes: plan lector, transversalidade, actividades complementarias e extraescolares.
- G. Avaliación da programación.

H. Calidade da defensa / exposición oral.

Parte B: Preparación e exposición dunha unidade didáctica

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes aspectos:

A. Coherencia entre os obxectivos, contidos, estándares e criterios de cualificación e indicadores.

B. Metodoloxía, actividades e temporalización.

C. Medidas de atención á diversidade e ACNEAE e NEE.

D. Procedementos e instrumentos de avaliación.

E. Calidade da defensa / exposición oral.

Non deberá realizarse unha exposición a fondo e exhaustiva dos contidos da unidade didáctica (iso corresponde á primeira proba), pero si será necesario facer unha presentación breve dos contidos da unidade e da relación entre eles, referida ao nivel educativo ao que corresponde a unidade didáctica exposta.

3. Na identificación macroscópica ou microscópica de seres vivos indicada no anexo V Iorde de convocatoria das probas, valorarase a determinación específica, non considerando os nomes vulgares; igualmente, nos casos de recoñecemento de procesos naturais, biolóxicos ou xeolóxicos, a máxima valoración obterase polo termo científico mais concreto.

### **VALORACIÓN DOS EXERCICIOS DA PARTE A DA PRIMEIRA PROBA**

#### **Bloque BIOQUÍMICA, XENÉTICA E ECOLOXÍA**

- Exercicios de Bioquímica: **0,5 puntos** cada exercicio resolto de xeito correcto e completo.

- Exercicios de Xenética: **0,5 puntos** cada exercicio resolto de xeito correcto e completo.

- Exercicios de Ecoloxía: **0,5 puntos** cada exercicio resolto de xeito correcto e completo.

**Bloque XEOLOXÍA e TEST:**

- Exercicios de Xeoloxía **1,5 puntos** os exercicios resoltos de xeito correcto e completos.
- TEST: **1,5 puntos** (1 resposta incorrecta resta 1/3 dunha resposta correcta)

Proba de **VISU: 4 puntos**



precege  
oposiciones de biología